



CONVENIO MARCO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, E O CONCELLO DE _____ PARA A CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DAS ESTRADAS MUNICIPAIS.

No Pazo Provincial de Ourense a ____ de _____ de _____.

REUNIDOS

O Sr. D. José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación Provincial de Ourense.

O Sr. D./ A Sra. D^a _____ ,
Alcalde/Alcaldesa do concello de _____ e
representante da administración titular das vías locais

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que ambas partes recoñécense mutuamente plena capacidade para a formalización do presente convenio.

SEGUNDO.- O obxecto básico do convenio é a realización das tarefas de conservación e explotación da rede de titularidade municipal (xestión da biomasa, bacheo e regas, vixilancia de estradas e tramitación de expedientes sancionadores) nas vías de titularidade municipal o mínimo coste posible. Na institución provincial existe un equipo humano e técnico que traballa nestas actuacións en estradas dende fai moitos anos e xunto coa economía de escala que se pode xenerar o ampliar a lonxitude da rede a tratar pódense conseguir prezos mais baixos e competitivos. Por outra banda os equipos da Deputación poderán programar os seus traballos con antelación optimizando os rendementos.

TERCEIRO.- Que de conformidade co disposto no artigo 36.1e da *Lei 7/1985 do 2 de abril ,Reguladora das Bases do Réxime Local* e nos artigos 113 ó 115 da *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de*

Administración Local de Galicia é competencia das Deputacións Provinciais con carácter xeral “a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica os Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión” .

CUARTO.- Na Lei 8/2013 de 28 de xuño de estradas de Galicia no artigo 9.2. establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do correcto exercicio das facultades e prerrogativas reflectidas na presente lei, e polo tanto da correcta conservación e explotación.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obrigacións do concello:

- 1) Solicitar a colaboración técnica dos servizos da Deputación para a elaboración dun plan de actuación para a prestación dos servizos que os responsables do concello desexen (dos ofertados), xunto coa determinación do importe dos mesmos.
- 2) Nomeamento dun responsable que actúe como interlocutor coa Deputación e coñecedor da rede viaria municipal
- 3) Entregar a adhesión o convenio coa indicación dos servizos solicitados.
- 4) Ingreso, previo as prestacións, na conta da Deputación nº 2080 5251 44 3111386113 das cantidades convidadas e nos prazos previstos no plan de actuación.

SEGUNDA.- Obrigacións da Deputación.

- 1) Colaboración técnica na elaboración do plan de actuación.
- 2) Realización dos traballos de bacheo, regas, xestión da biomasa, vixilancia de estradas ou tramitación dos expedientes sancionadores solicitados nas estradas municipais, previa adhesión a este convenio e xustificación do pagamento. O concello aportará os materiais e os custos dos medios dos medios alleos a Deputación que deban contratar para realizar os traballos.

TERCEIRA.- Vixencia do convenio.

O convenio estará vixente durante o ano _____.

CUARTA.- Prezo estimados do servizo.

O importe do servizo determinarase no plano de actuacións. De modo informativo se indican as tarifas estimadas:

CONCEPTO	ESTIMACIÓ N APORTACIÓ N DEPUTACIÓ N	ESTIMACIÓ N APORTACIÓ N CONCELLO
M2. Bacheo, con medios Deputación	1,80 €/m2	4,20 €/m2
M2 de dobre rega superficial.		
Ml. roza (1,5 m en cada marxe)	A Deputación faría a contratación en condicións mais económicas	0,35 €/ml.
Ml. aplicación fitosanitarios (1,5 m en cada marxe)	0,01 €/ml.	0,03 €/ml.
Ml. vixilancia de estradas.	0,0125 €/ml.	0,0002 €/ml
Und. de tramitación dun expediente sancionador	A Deputación cobraría a multa e os custes de reparación que o faría coa brigada	O Concello vería resolto o problema e reparado o dano sen custe. É necesario identificar o causante

QUINTA.- Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Deputación de Ourense e outro do Concello.

As súas funcións serán entre outras as seguintes:

- 1) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas
- 2) Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido no presente convenio

SEXTA.- Natureza do convenio.

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes a xurisdición contencioso-administrativa.

PRESIDENTE
DA DEPUTACION

ALCALDE/ ALCALDESA
DO CONCELLO

D. José Manuel Baltar Blanco

D./D^a _____